

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2014/01

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 23 de xaneiro de 2014.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e quince minutos do día **23 de xaneiro de 2014** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D^a Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

D^a Maria Teresa González Piñeiroa.

D. Xavier Campos López

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.

D^a Azucena González Loredó.

D^a Maria del Campo López-Braña Freije

D.José Manuel Yañez Dablanca.

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Secretario:

D. José A.Carro Asorey

Interventor:

D. Luis R.Vázquez Parga.

Técnico de Admón. Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2014.01.01.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES ORDINARIA 2013/12 DE 15 DE NOVIEMBRE E EXTRAORDINARIA 2013/13 DE DATA 5 DE DECEMBRO DE 2013.-

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

Nestes momentos entra no Salón de Sesións incorporándose á sesión o Concelleiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Campos López.

2014.02.02.- ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS PARA FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENTE NECESIDADE.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que de seguido se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que obra no expediente:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista, dada a situación social actual, a necesidade de aprobación dunha ordenanza que regule a concesión de axudas, para familias do concello de Ribadeo, en situacións de emerxencia ou urxente necesidade, destinadas a paliar as situacións de carencia que estas podan sufrir.

Vista a proposta de ordenanza de data 13/01/2014 que se axunta no expediente.

Vistos os informes do Traballador Social, Secretaría e Intervención que figuran no expediente sobre a citada materia.

En consecuencia, despois de examinar o expediente tramitado para a aprobación da ordenanza en cuestión, e tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- O artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local que atribúe ao concello competencia para avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- Os artigos artigos 4, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, relativos ao procedemento de aprobación de ordenanzas.
- O artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a aprobación do regulamento orgánico e as ordenanzas.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a seguinte ordenanza que contén as bases de axudas para familias en situación de emerxencia ou urxente necesidade do Concello de Ribadeo:

ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS, PARA FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO, EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENTE NECESIDADE.

O Concello de Ribadeo asume as competencias que establecen o artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Por iso, establece a normativa que recolle a regulación básica das prestacións para emerxencias sociais, destinadas a persoas que estean en situacións carenciais.

Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto deste regulamento o desenvolvemento dun conxunto de prestacións dirixidas a paliar situacións carenciais graves que afecten ás necesidades básicas das persoas residentes e empadroadas no Concello de Ribadeo.

Artigo 2.- Definición.

Considéranse axudas de apoio a familias de Ribadeo ou de emerxencia social, as axudas de natureza económica, en todo caso subsidiarias e, no seu caso, complementarias de calquera prestación pública que puidera corresponder, destinadas a aquelas persoas residentes e empadroadas en Ribadeo e, no seu caso, aos membros da súa unidade de convivencia, que estean en situación de recursos insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter básico, coa finalidade de paliar ou evitar situación de marxinación social.

Artigo 3.- Características.

- 1. Estas axudas teñen carácter finalista polo que se destinarán exclusivamente á finalidade para a que foron concedidas.*
- 2. Teñen o carácter de subvención directa.*
- 3. Son transitorias e non periódicas.*
- 4. A concesión destas prestacións está suxeita á existencia de crédito orzamentario.*

Artigo 4.-O ámbito subxectivo de aplicación (beneficiarios).

1. A presente normativa regula a xestión das axudas para emerxencia social que lle conceda o Concello de Ribadeo ás persoas físicas que cumpran os seguintes **requisitos**:

- Ter a residencia estable acreditada no Concello de Ribadeo con cando menos 6 meses de anterioridade á presentación da solicitude da axuda.
- Ser maior de idade ou menor emancipado con cargas familiares.
- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia. **Axúntase táboa dos límites de ingresos no Artigo 7.**

2. Posibles beneficiarios das axudas de emerxencia social:

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas que cumpran os requisitos indicados no punto anterior aos efectos desta ordenanza, enténdese como unidade familiar o núcleo de convivencia que estea composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou por outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o segundo grao e por afinidade ata o terceiro grao.

No caso de que o Concello lle conceda a axuda á unidade familiar, os seus membros integrantes non poderán beneficiarse de axudas de emerxencia social consideradas individualmente.

3.- Documentación:

- Solicitude.
- Copia DNI/NIE do solicitante e membros da unidade de convivencia obrigados a obtelo.
- Libro de Familia, se é o caso.
- Copia do recibo do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana no caso de dispoñer de vivenda propia.
- Certificado de discapacidade no caso de que o/a solicitante ou calquera dos membros da unidade familiar teña a condición de persoa con discapacidade.
- Xustificación documental que proceda no caso de ser titular de bens e dereitos distintos do mencionados.
- Orzamento formal dos gastos para os que se solicita a axuda, así como os xustificantes formais das débedas contraídas, recibos luz, auga, gas, aluguer...
- Acreditación de ingresos de todos/as os/as convivintes (nóminas, IRPF, axudas INEM, Seguridade Social ...etc).
- Certificación empadramento e convivencia da persoa solicitante.
- Certificación de titularidade de vehículos inscritos no correspondente padrón respecto a tódolos membros maiores de idade da unidade de convivencia.

Documentación mínima que debe aportar o Concello:

- Informe social dos/as técnicos de servizos sociais que complementarán a información da documentación aportada reflectindo a súa veracidade.

Artigo 5.- Finalidade das axudas (ámbito obxectivo).

As axudas previstas na presente ordenanza teñen como finalidade paliar situacións carenciais transitorias e imprevistas ou excepcionais, así como prever o seu agravamento. En particular, estas axudas tenderán a cubrir o financiamento total ou parcial dos gastos derivados das seguintes situacións:

- Situacións de ingresos insuficientes, que provocan unha situación temporal de insuficiencia de recursos económicos para cubrir as necesidades primarias.
- Situacións de necesidade provocadas por catástrofes, epidemias, intoxicacións e outras análogas de carácter excepcional que provoquen dificultades para satisfacer as necesidades primarias.

Artigo 6.- Tipoloxía e contía das axudas:

1. *Necesidades básicas (alimento, vestido, produtos de hixiene persoal, etc.).*
2. *Adquisición de menciñas e outros produtos de carácter sanitario (non cubertos polo sistema sanitario).*
3. *Gastos relacionados coa vivenda habitual (aluguer, equipamento básico, mantemento das condicións de habitabilidade, subministración e consumo de enerxía eléctrica, etc.).*
4. *Axudas para o pagamento dun lugar alternativo ou temporal de aloxamento.*
5. *Gastos de desprazamentos a centros sanitarios, escolares, aloxamentos alternativos, etc. non cubertos polos sistemas de referencia.*
6. *Gastos en beneficio do menor: actividades extraescolares, libros e material escolar, escola infantil, comedor escolar, etc.*
7. *Axudas para a atención de situacións de urxente e grave necesidade que non poidan ser atendidas por ningún dos conceptos contemplados nos epígrafes anteriores, previa valoración do/a traballador/a social do departamento de servizos sociais.*

A contía da axuda establecerase para cada caso concreto en función das circunstancias e das previsións dos gastos que ocasionen a situación de emerxencia. Establécese un límite máximo correspondente ó 100 % do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) engadíndolle o 10 % adicional por cada un dos membros da unidade familiar aparte do solicitante

O límite global das axudas a conceder estará limitado en todo momento pola consignación que para esta finalidade se recolla na partida 230.48000 dos respectivos Orzamentos Xerais anuais da Corporación.

Artigo 7.-Límite de ingresos por unidade familiar.

Valoración económica: Procederase ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo da persoa solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar. Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros da mesma en relación aos últimos 12 meses (rendementos do traballo, prestacións de desemprego, pensións, etc.).

Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da persoa afectada pola dita situación. Neste caso a renda anual sería a resultante de calcular unha media da renda do último trimestre e multiplicala por 14 pagas.

En supostos excepcionais, e por razóns debidamente xustificadas no expediente, consideraranse unicamente os ingresos que se obteñan no momento de presentación da solicitude.

Como regra xeral, para acceder á concesión da axuda, os ingresos non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa:

CONVIVINTES	LÍMITE DE INGRESOS
<i>1</i>	<i>Ate o 80 % do IPREM</i>
<i>2</i>	<i>Ate o 100 % do IPREM</i>
<i>3</i>	<i>Ate o 120 % do IPREM</i>
<i>4</i>	<i>Ate o 140 % do IPREM</i>
<i>5</i>	<i>Ate o 160 % do IPREM</i>
<i>6</i>	<i>Ate o 180 % do IPREM</i>
<i>7</i>	<i>Ate o 200 % do IPREM</i>
<i>8</i>	<i>Ate o 220 % do IPREM</i>
<i>9 ou máis</i>	<i>Ate o 240 % do IPREM</i>

Excepcionalmente, e coa valoración favorable dos traballadores sociais, en casos de especial vulnerabilidade social poderase conceder a axuda aínda superando o límite económico establecido, en casos tales como:

- *Realización de cursos de formación encamiñados a manter ou obter un posto de traballo.*
- *Familias con menores, nas que un gasto extraordinario poña en perigo a cobertura das necesidades primarias.*
- *Actuacións de urxencia en situación de violencia doméstica.*

Tamén se terá en conta o pago de alugamentos ou hipoteca relativos unicamente á vivenda habitual, de xeito que se descontará do computo dos ingresos familiares ata un máximo de 250€ mensuais. Achegarase documentación acreditativa.

En caso de unidades familiares onde exista mala relación entre os seus membros, poderase ter en conta os ingresos económicos de parte da unidade familiar, previa valoración do/a traballador/a social.

Artigo 8.-As obrigas dos beneficiarios.

As persoas beneficiarias das axudas de emerxencia social que outorgue o Concello de Ribadeo quedarán sometidas ás obrigas xerais reguladas no artigo 14 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, especialmente a xustificación, que se someterá ao disposto nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais sobre a materia, ás que recolla a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ribadeo, e ás que se podan fixar especificamente no acordo de concesión, de xeito que como mínimo deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa nun prazo de un mes dende o aboamento da axuda:

- *Declaración xurada de ter cumprido a finalidade para a que se concedeu a axuda.*
- *Declaración de non ter recibido no mesmo exercicio axudas para a mesma fin, e en caso de terlas recibido enumerar as concedidas e importe das mesmas de calquera Administración ou Ente Público ou privado*
- *Orixinais ou copias cotexadas das facturas e recibos de pago correspondentes ao gasto realizado, así como xustificante de terse realizado o pagamento destas.*
- *Declaración xurada de ter xustificado calquera outra axuda ou subvención de calquera tipoloxía que fose concedida con anterioridade polo Concello de Ribadeo*
- *Calquera outra que se estableza para cada caso concreto no correspondente acordo de concesión de axudas*

Os beneficiarios das axudas estarán tamén obrigados ao cumprimento das seguintes condicións específicas:

Ao cumprimento das condicións que o Concello poida establecer no acordo da concesión da axuda e que vaian destinadas a que poidan superar a situación de emerxencia social que motivou a concesión da subvención.

Á escolarización dos menores que se atopen en idade de ensino obrigatorio.

Artigo 9.- O reintegro das axudas.

Procederá o reintegro das cantidades obtidas nos seguintes casos:

- a) A obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión.*
- b) Cando incumpran o deber de xustificación do emprego dos fondos recibidos.*
- c) Cando incumpran a finalidade da axuda ou as condicións impostas na súa concesión.*

O reintegro rexerase polas disposicións xerais sobre procedemento administrativo contidas no título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e polo artigo 41 e seguintes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e

levará consigo a esixencia do xuro de mora vixente desde o pago da axuda económica. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa

Artigo 10.- A tramitación.

A tramitación das axudas de emerxencia social axustarase ao seguinte procedemento:

Inicio: O procedemento iníciarase mediante unha solicitude do interesado en obter a axuda de emerxencia social. O interesado dirixirá a solicitude ao alcalde do Concello de Ribadeo. Coa solicitude achegará a documentación que acredite a situación de carencia.

Instrución: O alcalde trasladará a solicitude ao Departamento de Servizos Sociais. O técnico/a dese departamento emitirá o correspondente informe-proposta, no que valorará debidamente a situación que o interesado acreditou documentalmente. Ademais no informe o técnico ou a técnica do Departamento de Servizos Sociais cuantificará inicialmente o importe da axuda.

Unha vez que estea completo o expediente, o Departamento de Servizos Sociais remitirallo ao interventor municipal para a súa fiscalización previa.

Resolución: Logo de que o interventor municipal realice a fiscalización previa, remitiralle o expediente ao Sr. Alcalde (ou ao órgano que nese momento teña delegada a competencia segundo a Ordenanza Xeral de Subvencións ou as Bases de Execución dos Orzamentos Xerais), para que dite a correspondente resolución administrativa.

Pagamento: Dadas as súas características e finalidade, poderá con carácter xeral facerse o pagamento das axudas reguladas nas presentes bases con carácter previo á xustificación, tendo a consideración o importe entregado de anticipo a conta da xustificación final, de xeito que en caso de que o beneficiario non presentase esta, será requirido para o reintegro dos fondos entregados, que se considerarán ingresos de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía do constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

O pagamento poderá realizarse directamente ao propio beneficiario ou ao seu representante legal, ou ben cando se considere preciso para alcanzar a finalidade da axuda e así se recolla no acordo concreto de concesión, directamente á institución, centro ou persoa que preste o servizo ou actividade a cuxa satisfacción se destina a axuda, de acordo co recollido no artigo 4 da presente ordenanza.

Disposición final.

De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que o Concello publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 desa lei.

Contra o referido acordo definitivo poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

SEGUNDO. Publicar a aprobación das citadas bases no BOP de Lugo así como remitilas á súa vez á páxina web municipal aos efectos de sometelas a Información pública e audiencia dos interesados por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

O Pleno no seu caso resolverá todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo anterior e aprobará definitivamente a presente ordenanza. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, entrando en vigor tras a súa publicación no BOP de Lugo.”

A Comisión, previa deliberación, por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación inicial da Ordenanza de referencia polo Pleno Municipal.”

Iníciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE no Grupo Mixto que refire que lle parece ben, que é mellor que exista unha ordenanza que ningunha. Manifesta que se vai abster.

Intervén de seguido o Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo, de UPRI, no Grupo Mixto. Manifesta que lle da a sensación de que se fixo a Ordenanza á presa e correndo e que non da tempo a “masticar” a mesma. Refírese a diversos artigos, sinálase que é temporal no artigo 3º pero non sabe que tempo ten, refírese tamén ao artigo 4º sobre a aceptación expresa por parte do beneficiario que debería indicarse xa que senon pode dar problemas a posteriori.

Pregunta se os beneficiarios da subvención quedan exonerados do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social ou se o haberá que especificar, promovéndose deliberación sobre este punto.

Incide tamén no disposto no artigo 6 interrogando cómo se vai aplicar.

Refírese tamén ao disposto sobre a competencia na Lei 27/2013 que sinala o Interventor no seu informe. Pide que a ordenanza se retire. Manifesta finalmente que non vai apoiar esta Ordenanza.

A Concelleira do Grupo Popular Sra. González Loredó manifesta que comparte cos seus predecesores no uso da palabra que se alegra que isto se regule e se reordenen e que se fixen os criterios para estas axudas.

Indica que quizais o Grupo Popular o regulara doutro xeito, que debería obxectivarse mais, etc. Manifesta que o seu grupo apoia esta Ordenanza.

Intervén a continuación o Sr.Alcalde e manifesta que as axudas sempre se deron e que ista será unha forma de regular as situacións que se veñen dando, poñendo unhas exemplos de situacións que recentemente xurdiron neste Concello e manifestando que como agora se vai expór ao público se poderán facer suxerencias, etc.e que, en todo caso, se resulta non ser competencia municipal xa se vería.

A Corporación, por once votos a favor (sete dos membros do Grupo do BNG e catro do Grupo Popular) e dúas abstencións (dos membros do PSG-PSOE e UPRI, no Grupo Mixto), acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión transcrito anteriormente nos termos do mesmo.

2014.03.03.-ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que de seguido se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que obra no expediente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista, dada a situación económica e laboral actual, a necesidade de aprobación dunha ordenanza que regule a concesión de axudas destinadas a asegurar na medida do posible a conciliación da vida laboral e familiar das familias de Ribadeo que teñen menores ao seu cargo, o que se trataría de lograr a través do financiamento de parte do custo da estancia dos mesmos en ludotecas ou centros similares.

Vista a proposta de ordenanza de data 14/01/2014 que se axunta no expediente.

Vistos os informes do CIM, Secretaría e Intervención que figuran no expediente sobre a citada materia.

Considerando que neste caso se trata por parte do concello de regularizar a situación dun servizo que viña sendo prestado xa durante os últimos anos, con carácter previo á entrada en vixencia da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, á vista dos informes sobre a materia emitidos durante o exercicio precedente pola intervención municipal.

Sendo consciente de que coa entrada en vixencia da citada norma se produce unha modificación substancial do ámbito competencial municipal, que pode afectar á materia a que se refire a presente ordenanza, pero considerando tamén que non debería ser suprimido sen máis un servizo que supón unha axuda importante para os veciños do concello, sobre todo cando non se ten constancia da posición das administracións que, como a Xunta de Galicia, ata agora o viñan subvencionando.

Tendo en conta ademais a novidade que supón e as dificultades interpretativas que acompañan á modificación da lei de bases do réxime local, sobre todo no relativo á adaptación dos servizos e actividades que realizan os concellos á nova situación e a transitoriedade da súa prestación ata que sexan asumidos pola administración competente en cada caso, e á vista das facultades que teñen tamén as distintas administracións que se podan considerar afectadas de actuar no seu caso contra os acordos que adopten as entidades locais.

En consecuencia, despois de examinar o expediente tramitado para a aprobación da ordenanza en cuestión, e tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúe ao Municipio facultades para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, podendo promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.
- Os artigos artigos 4, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, relativos ao procedemento de aprobación de ordenanzas.
- O artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a aprobación do regulamento orgánico e as ordenanzas.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a seguinte ordenanza que contén as bases de axudas para a conciliación de vida laboral e familiar do Concello de Ribadeo:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN DE VIDA LABORAL E FAMILIAR.

CAPÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 1. Fundamento legal, obxecto e ámbito de aplicación

A presente ordenanza ten o seu fundamento legal nos artigos 25 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e ten por obxecto a regulación xurídica da prestación de axudas ás familias empadroadas e residentes en Ribadeo para colaborar a paliar os gastos familiares derivados da conciliación da vida laboral e familiar

Con esta axuda subvencionarase parcialmente o custo que supón para as familias, principalmente aquelas con menos recursos, a estadia dos seus fillos nas ludotecas radicadas no Concello de Ribadeo ou a estancia no servizo do programa Bos días do Colexio Gregorio Sanz co obxecto de lograr na medida do posible a conciliación da vida laboral e familiar.

As persoas beneficiarias deberán reunir as condicións que se recollen no artigo 3.

Artigo 2. Crédito orzamentario e período de vixencia

A contía total das axudas estará limitada en cada exercicio ao importe que se consigne para esta finalidade na partida 230.48000 dos Orzamentos Xerais da corporación sen que en ningún caso se poda superar globalmente a contía prevista.

CAPÍTULO II

Persoas beneficiarias

Artigo 3. Requisitos para poder obter esta axuda

Poderán ser beneficiarias/os desta axuda as/os proxenitores/as ou titor@s legais de nenas e nenos menores de 10 anos que, para poder realizar unha axeitada conciliación da súa vida laboral e familiar, é preciso que asistan a unha ludoteca.

Para ser beneficiario/a deberá cumprir os seguintes requisitos:

1º. A/o menor/a deberá estar empadroado en Ribadeo. Asemade tanto a nai ou no seu caso o pai solicitante ou o/a titor/a legal deberán estar empadroados e ter a súa residencia habitual no Concello de Ribadeo. No caso de separación ou divorcio este requisito só será esixible a/ o proxenitor/a que tivese a garda e custodia.

2º Que a renda da unidade de convivencia non supere os 1500€ netos mensuais se ten un fillo/a ao seu cargo ou 1800€ netos mensuais con dous ou máis fillos ao seu cargo.

3º Non dispor de bens inmobles, distintos á vivenda habitual, sobre os que se posúa un dereito de propiedade, que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indique a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que se solicita a axuda

4º. O servizo de ludoteca subvencionárase soamente naqueles casos en que se utilicen as horas para conciliar a vida laboral e familiar. Será preciso que se hai unha parella traballen fóra do fogar os dous membros da unidade familiar e en horarios coincidentes.

5º. Entenderase por conciliación da vida laboral e familiar todas aqueles casos de:

- Ampliación da formación: estudos secundarios, universidade, preparación de oposición ou certificados de profesionalidade, cursos de formación ocupacional, exames ...
- Motivos laborais: horario laboral, entrevista de traballo, horas extra, ...
- Urxencias: casos de enfermidade da persoa que se fai cargo das crianzas (coidador/a), hospitalización dalgún membro da familia
- Motivos sociais: familia formada por un só proxenitor/a que cumprindo os criterios económicos, non estea desenvolvendo tarefa profesional algunha e se acredite que está nunha situación psicosocial difícil e se valore necesaria a socialización da/o menor.

Artigo 4. Contía.

A contía da axuda ascenderá a 50% do custe por cada hora de estancia na ludoteca que lle sexa outorgada a cada familia, cun límite por unidade familiar de 150€/mes (no caso de un menor), 300€/mes, dous menores e así sucesivamente.

O aboamento das axudas poderá facerse de xeito mensual unha vez se acredite mediante a oportuna xustificación o cumprimento dos requisitos para o acceso ás contías segundo o disposto nos artigos seguintes.

As solicitudes resolveranse por orde de chegada até esgotar a consignación orzamentaria recollida no artigo 2.

Terán preferencia as familias que nunca utilizaron o programa fronte aquelas que xa se beneficiaron del.

Artigo 5. Gastos subvencionables.

Son gastos subvencionables os gastos orixinados pola a estadía nas ludotecas radicadas no concello ou a estancia no programa Bos días do Colexio Público Gregorio Sanz, sen estenderse esta a outros servizos, que deberán acreditarse do xeito previsto nos artigos seguintes.

Artigo 6. Obrigas das persoas beneficiarias das axudas.

As persoas beneficiarias destas axudas deberán cooperar co Concello cada vez que se lles requira documentación co obxecto de verificar que segue a cumpren os requisitos.

Asemade deberán informar de todos os cambios que se produzan na situación económica, laboral e familiar que deron lugar á concesión ou denegación desta axuda.

CAPÍTULO III

Procedemento

Artigo 7. Formalización da solicitude.

7.1. Lugar de presentación da solicitude.

A presentación das solicitudes para as axudas recollidas na presente ordenanza realizarase a través do Rexistro Xeral da Corporación acompañadas de toda a documentación precisa recollida no presente artigo.

7.2. Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será ao longo de todo o ano.

7.3. Documentación obrigatoria a achegar.

- Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.) ou Número de Identificación de Estranxeiría (N.I.E) do pai/nai o titor/a que solicite a axuda. Só no caso de non dispor dos anteriores documentos, achegaranse copias cotexadas os pasaportes.
- Copia cotexada do libro de familia. En caso de non dispor de libro de familia achegaranse copias dos certificados de nacemento dos menores para os que se solicite a axuda.
- En caso de separación ou divorcio, achegárase copia cotexada da sentenza xudicial e convenio regulador expedido polo Xulgado.
- Acreditación de ingresos de todos aqueles membros da unidade de convivencia que teñan 16 anos ou máis, sendo válidos calquera destes documentos:
 - Declaración da renda do último exercicio liquidado.
 - Certificado de pensións emitido pola administración competente
 - Nóminas dos dous últimos meses (ou declaración xurada no caso de non ter nómina).
 - No caso de ser autónoma/o declaración trimestrais 130 e 300 dos dous últimos trimestres
- Non deberá presentarse o certificado de empadramento, extremo que comprobará directamente este Concello
- Xustificante do motivo polo que se solicita a axuda e documentación que permita determinar a necesidade de conciliación da vida laboral e familiar (matrícula de estudos ou inscrición no proceso selectivo, certificado médico, certificado de horarios laborais etc ...)

Artigo 8. Procedemento de resolución de solicitudes.

A tramitación das axudas recollidas na presente ordenanza axustarase ao seguinte procedemento:

Inicio: O procedemento iníciase mediante unha solicitude da persoa interesada en obter a axuda. O/a interesado/a dirixirá a solicitude ao alcalde do Concello de Ribadeo. Coa solicitude achegará a documentación recollida no artigo 7.3.

Instrución: O alcalde trasladará a solicitude aos servizos do Centro de Información ás Mulleres. As técnicas/as dese departamento emitirán o correspondente informe-proposta, no que se valorará debidamente a situación que o interesado acreditou documentalente.

Ademais no informe cuantificarase inicialmente o importe da axuda e o número de horas imprescindible para lograr a buscada conciliación da vida laboral e familiar, segundo as características de cada caso, dentro do límite máximo recollido no artigo 4.

Unha vez que estea completo o expediente, este será remitido á intervención municipal para a súa fiscalización previa.

Resolución: Logo da fiscalización previa, o expediente remitirase ao Sr. Alcalde (ou ao órgano que nese momento teña delegada a competencia segundo a Ordenanza Xeral de Subvencións ou as Bases de Execución dos Orzamentos Xerais), para que dite a correspondente resolución administrativa outorgando ou denegando a axuda solicitada.

Pagamento: Dadas as súas características e finalidade, poderá con carácter xeral facerse o pagamento das axudas reguladas nas presentes bases con carácter mensual, previa a xustificación parcial da

subvención, tendo a consideración o importe entregado de anticipo a conta da xustificación final, de xeito que en caso de que o beneficiario non presentase esta, será requirido para o reintegro dos fondos entregados, que se considerarán ingresos de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía do constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

Artigo 9. Xustificación das axudas.

As persoas beneficiarias das axudas que outorgue o Concello de Ribadeo quedarán sometidas ás obrigas xerais reguladas no artigo 14 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, especialmente a xustificación que se someterá ao disposto nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais sobre a materia e ás recollidas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ribadeo, de xeito que como mínimo deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa:

- Solicitude de pagamento da axuda concedida achegando certificación bancaria de conta corrente onde se realizará o ingreso
- Declaración xurada de ter cumprido a finalidade para a que se concedeu a axuda
- Declaración de non ter recibido no mesmo exercicio axudas para a mesma fin, e en caso de telas recibido enumerar as concedidas e importe das mesmas de calquera Administración ou Ente Público ou privado
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas e recibos de pago correspondentes ao gasto realizado, así como xustificante de terse realizado o pagamento destas.
- Declaración xurada de ter xustificado calquera outra axuda ou subvención de calquera tipoloxía que fose concedida con anterioridade polo Concello de Ribadeo
- Calquera outra que se estableza para cada caso concreto no correspondente acordo de concesión de axudas

A documentación relacionada deberá presentarse en todo caso con data límite **dun mes** dende o momento en que remate o servizo subvencionado polo Concello de Ribadeo para ter dereito ao pagamento da axuda. Non obstante, como se recolle no artigo 8, poderá facerse o pagamento das axudas reguladas nas presentes bases por meses vencidos, previa xustificación parcial da subvención mediante a presentación da documentación referida a dita mensualidade.

Artigo 10. Reintegro.

Procederá o reintegro das cantidades obtidas nos seguintes casos:

- a) A obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión.
- b) Cando incumpran o deber de xustificación do emprego dos fondos recibidos.
- c) Cando incumpran a finalidade da axuda ou as condicións impostas na súa concesión.

O reintegro rexeráse polas disposicións xerais sobre procedemento administrativo contidas no título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e polo artigo 41 e seguintes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e levará consigo a esixencia do xuro de mora vixente desde o pago da axuda económica. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

En todo o non previsto na presente ordenanza será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ribadeo e as Bases de Execución dos Orzamentos Xerais sobre a materia.

As dúbidas interpretativas que podan xurdir na aplicación da presente ordenanza serán resoltas por Resolución de Alcaldía.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que o Concello publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 desa lei.

SEGUNDO. Publicar a aprobación das citadas bases no BOP de Lugo así como remítalas á súa vez á páxina web municipal aos efectos de sometelas a Información pública e audiencia dos interesados por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

O Pleno no seu caso resolverá todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo anterior e aprobará definitivamente a presente ordenanza. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, entrando en vigor tras a súa publicación no BOP de Lugo.”

A Comisión, previa deliberación, por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación inicial da Ordenanza de referencia polo Pleno Municipal.”

Iníciase a deliberación intervindo o concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE que manifestase no senso de que ao seu xuízo debería retirarse xa que é mais chamativa e igual crea mais problemas que resolve. En todo caso manifesta a súa abstención.

O concelleiro de UPRI Sr.Reymondez Gancedo manifestase en semellantes termos indicando que tamén é partidario de retirala e que o seu voto vai ser de abstención.

A concelleira do Grupo popular Sra.González Loreda manifesta que son conscientes da importancia da conciliación da vida laboral e familiar, que non van consentir que se achaque ao seu Grupo que non están de acordo coa conciliación, sexa cal sexa o seu voto.

Non está de acordo co contido da ordenanza e refire que falar de mil cincocentos euros nos días de hoxe cré que non é de recibo ou non están neste mundo os que redataron a mesma.

Non lle parece ben quitar do orzamento de emerxencia social para ludotecas e outros fíns, neste momento social.

Parécelle que os expedientes deben ser baremados pero se hai alguén con mais necesidade deberá darselle preferencia. Manifesta tamén que a ordenanza carece de control a lo menos que vira e que debería establecerse algún tipo de control. Outra situación é que non teñen para nada en conta mais que os baremos económicos, cando hai outras cuestións que se deberían ter en conta.

Respecto ás competencias manifesta que o feito de que se poida impugnar tamén coincide co Sr.Alcalde en que en casos de emerxencia deben atenderse.

Remata a súa intervención indicando que o seu grupo vai votar en contra.

Intervén incidentalmente o concelleiro Sr.Castro Reigosa para sinalar a partida orzamentaria á que se aplica a cuestión económica prevista nesta Ordenanza.

Intervén tamén a concelleira Sra.Alvarez Lastra para suliñar partidas que figuran na ordenanza municipal relativas a bonos axudas, etc. que xa se viñan outorgando e que a raíz do informado polo Interventor se trasladan a través desta ordenanza.

A Corporación, por sete votos a favor (dos membros do Grupo do BNG), catro en contra (dos membros do Grupo do PP) e dúas abstencións (dos membros do PSG-PSOE e UPRI, no Grupo Mixto), acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión transcrito anteriormente nos termos do mesmo.

2014.04.04.- ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS PARA FACILITAR O ACCESO ÁS ACTIVIDADES DIRIXIDAS A MENORES, ORGANIZADAS POLAS CONCELLARÍAS DE CULTURA, EDUCACIÓN E IGUALDADE E A DE FACENDA, MEDIO RURAL, OBRAS E DEPORTES PERTENCENTES A FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO EN SITUACIÓNS ECONÓMICAMENTE DESFAVORABLES.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que obra no expediente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista, dada a situación económica e laboral actual, a necesidade de aprobación dunha ordenanza que regule a concesión de axudas para que os menores pertencentes a familias do concello de Ribadeo en situacións económicas desfavorables, podan acceder igual que os demais a actividades e servizos organizados por esta entidade.

Vista a proposta de ordenanza de data 15/01/2014 que se axunta no expediente.

Vistos os informes do Traballador Social, Secretaría e Intervención que figuran no expediente sobre a citada materia.

En consecuencia, despois de examinar o expediente tramitado para a aprobación da ordenanza en cuestión, e tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- O artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local que atribúe ao concello competencia para avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- Os artigos 4, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, relativos ao procedemento de aprobación de ordenanzas.
- O artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a aprobación do regulamento orgánico e as ordenanzas.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a seguinte ordenanza que contén as bases de acceso as prestacións económicas, para facilitar o acceso as actividades, dirixidas a menores, organizadas polas concellarías de cultura, educación e igualdade e a de facenda, medio rural, obras e deportes pertencentes a familias do concello de Ribadeo, en situacións economicamente desfavorables:

ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS, PARA FACILITAR O ACCESO AS ACTIVIDADES, DIRIXIDAS A MENORES, ORGANIZADAS POLAS CONCELLARÍAS DE CULTURA, EDUCACIÓN E IGUALDADE E A DE FACENDA, MEDIO RURAL, OBRAS E DEPORTES PERTENCENTES A FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO, EN SITUACIÓNS ECONOMICAMENTE DESFAVORABLES.

O Concello de Ribadeo asume as competencias que establecen o artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ademais da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Por iso, establece a normativa que recolle a regulación básica das prestacións para facilitar o acceso as actividades deportivas e culturais destinadas a menores, veciños de Ribadeo, pertencentes a familias que estean en situacións carenciais.

Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto deste regulamento o desenvolvemento dun conxunto de prestacións dirixidas a facilitar o acceso a actividades formativo/culturais e deportivas, sempre que sexan organizadas polo Concello de Ribadeo dentro do seu ámbito competencial definido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e dirixidas a menores residentes e empadroados no Concello de Ribadeo.

Artigo 2.- Definición.

Considéranse axudas para facilitar o acceso a actividades formativo/culturais e deportivas, sempre que sexan organizadas polo Concello dentro do seu ámbito competencial, a familias de Ribadeo, as axudas de natureza económica, en todo caso subsidiarias e, no seu caso, complementarias de calquera prestación pública que puidera corresponder, destinadas a aquelas persoas, menores de idade, residentes e empadroadas en Ribadeo, que pertencen a unidades familiares en situación de recursos insuficientes para facer fronte a gastos específicos para a participación nas actividades formativas extraescolares e deportivas organizadas polo Concello de Ribadeo, coa finalidade de paliar ou evitar situación de agravio para os menores pertencentes a unidades familiares cunha situación económica carencial.

Artigo 3.- Características.

- 1. Estas axudas teñen carácter finalista polo que se destinarán exclusivamente á finalidade para a que foron concedidas.*
- 2. Teñen o carácter de subvención directa.*
- 3. Son transitorias e non periódicas.*
- 4. A concesión destas prestacións está suxeita á existencia de crédito orzamentario que para esta finalidade se recolla na partida 230.48000 dos respectivos Orzamentos Xerais anuais da Corporación.*

Artigo 4.-O ámbito subxectivo de aplicación (beneficiarios).

- 1. A presente normativa regula a xestión destas axudas que lle conceda o Concello de Ribadeo ás persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:*
 - Ter a residencia estable acreditada no Concello de Ribadeo con cando menos 6 meses de anterioridade á presentación da solicitude da axuda.*

- O beneficiario da axuda deberá ser menor de idade.
- Non dispoñer a **unidade familiar** de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados do **servizo ou actividade organizada ou prestada polo concello sen poñer en risco a propia viabilidade da economía familiar.**

2. Posibles beneficiarios das axudas:

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas que cumpran os requisitos indicados no punto anterior. Aos efectos desta ordenanza, enténdese como **unidade familiar** o núcleo de convivencia que estea composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou por outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o segundo grao e por afinidade ata o terceiro grao.

3.- Documentación:

- . Solicitud.
- . Copia DNI/NIE do solicitante e membros da unidade de convivencia obrigados a obtelo.
- . Libro de Familia.
- . Copia do recibo do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana no caso de dispoñer de vivenda propia.
- . Certificado de discapacidade no caso de que o/a solicitante ou calquera dos membros da unidade familiar teña a condición de persoa con discapacidade.
- . Xustificación documental que proceda no caso de ser titular de bens e dereitos distintos do mencionados.
- . Acreditación de ingresos de todos/as os/as convivintes **ou integrantes da unidade familiar** (nóminas, IRPF, axudas INEM, Seguridade Social ...etc).
- . Certificación empadramento e convivencia da persoa solicitante.

Artigo 5.- Finalidade das axudas (ámbito obxectivo).

As axudas previstas na presente ordenanza teñen como finalidade facilitar o acceso a actividades formativo/culturais e deportivas, **sempre que estean** organizadas polo Concello de Ribadeo **dentro do seu ámbito de competencias regulado na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local**, tales como as escolas deportivas municipais, a escola de música, campamentos urbanos e outras similares, por parte de menores que pertencen a familias cunha situación económica desfavorable e que sen esta axuda non poderían participar na actividade.

Artigo 6.- Tipoloxía e contía das axudas:

A contía da axuda representará o 90% da **taxa, prezo público ou tarifa que o concello teña regulado para cada servizo actividade que preste.**(escola de música, escolas deportivas, campamentos urbanos, etc.)

Artigo 7.-Límite de ingresos por unidade familiar.

Valoración económica: Procederase ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo da persoa solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar. Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros da mesma en relación aos últimos 12 meses (rendementos do traballo, prestacións de desemprego, pensións, etc.).

Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da persoa afectada pola dita situación. Neste caso a renda anual sería a resultante de calcular unha media da renda do último trimestre e multiplicala por 14 pagas.

En supostos excepcionais, e por razóns debidamente xustificadas no expediente, consideraranse unicamente os ingresos que se obteñan no momento de presentación da solicitud.

Como regra xeral, para acceder á concesión da axuda, os ingresos non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa:

CONVIVINTES	LÍMITE DE INGRESOS
2	Ate o 150 % do IPREM

3	<i>Ate o 170 % do IPREM</i>
4	<i>Ate o 190 % do IPREM</i>
5	<i>Ate o 210 % do IPREM</i>
6	<i>Ate o 230 % do IPREM</i>
7	<i>Ate o 250 % do IPREM</i>

Artigo 8.-As obrigas dos beneficiarios.

As persoas beneficiarias das axudas de emerxencia social que outorgue o Concello de Ribadeo quedarán sometidas ás obrigas xerais reguladas no artigo 14 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, especialmente a xustificación que se someterá ao disposto nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais sobre a materia e ás que poida recoller a Ordenanza xeral de subvencións que aprobe no seu caso o Concello de Ribadeo, de xeito que como mínimo deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa nun prazo de un mes dende o aboamento da axuda:

Declaración xurada de ter cumprido a finalidade para a que se concedeu a axuda.

Declaración de non ter recibido no mesmo exercicio axudas para a mesma fin, e en caso de terlas recibido enumerar as concedidas e importe das mesmas de calquera Administración ou Ente Público ou privado Orixinais ou copias cotexadas das facturas e recibos de pago correspondentes ao gasto realizado, así como xustificante de terse realizado o pagamento destas.

Declaración xurada de ter xustificado calquera outra axuda ou subvención de calquera tipoloxía que fose concedida con anterioridade polo Concello de Ribadeo

Calquera outra que se estableza para cada caso concreto no correspondente acordo de concesión de axudas

Os beneficiarios das axudas estarán tamén obrigados ao cumprimento das seguintes condicións específicas:

Destinar a axuda a finalidade para a que foi concedida. De non facelo quedará excluído de calquera outra regulada por esta ordenanza, en exercicios posteriores.

Á escolarización dos menores que se atopen en idade de ensino obrigatorio.

Artigo 9.- O reintegro das axudas.

Procederá o reintegro das cantidades obtidas nos seguintes casos:

a) A obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión.

b) Cando incumpran o deber de xustificación do emprego dos fondos recibidos.

c) Cando incumpran a finalidade da axuda ou as condicións impostas na súa concesión.

O reintegro rexerá polas disposicións xerais sobre procedemento administrativo contidas no título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e polo artigo 41 e seguintes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e levará consigo a esixencia do xuro de mora vixente desde o pago da axuda económica. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa

Artigo 10.- A tramitación.

A tramitación das axudas axustarase ao seguinte procedemento:

Inicio: O procedemento iniciarase mediante unha solicitude do interesado en obter a axuda, que se presentará cando se abra o prazo para a inscrición correspondente. O interesado dirixirá a solicitude ao alcalde do Concello de Ribadeo. Coa solicitude achegará a documentación que acredite a situación de carencia.

Instrución: O alcalde trasladará a solicitude ao Departamento de Servizos Sociais. O técnico/a dese departamento emitirá o correspondente informe-proposta, no que valorará debidamente a situación que o interesado acreditou documentalmente.

Unha vez que estea completo o expediente, o Departamento de Servizos Sociais remitirallo ao interventor municipal para a súa fiscalización previa.

Resolución: Logo de que o interventor municipal realice a fiscalización previa, remitiralle o expediente ao Sr. Alcalde (ou ao órgano que nese momento teña delegada a competencia segundo a Ordenanza Xeral de Subvencións ou as Bases de Execución dos Orzamentos Xerais), para que dite a correspondente resolución administrativa.

Pagamento: Dadas as súas características e finalidade, poderá con carácter xeral facerse o pagamento das axudas reguladas nas presentes bases con carácter previo á xustificación, tendo a consideración o importe entregado de anticipo a conta da xustificación final, de xeito que en caso de que o beneficiario non presentase esta, será requirido para o reintegro dos fondos entregados, que se considerarán ingresos de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía do constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar. O pagamento poderá realizarse directamente ao propio beneficiario ou ao seu representante legal, ou ben cando se considere preciso para alcanzar a finalidade da axuda e así se recolla no acordo concreto de concesión, indirectamente á institución, centro ou persoa que preste o servizo ou actividade a cuxa satisfacción se destina a axuda, de acordo co recollido no artigo 4 da presente ordenanza.

Disposición final.

De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que o Concello publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 desa lei. Contra o referido acordo definitivo poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

SEGUNDO. Publicar a aprobación das citadas bases no BOP de Lugo así como remitilas á súa vez á páxina web municipal aos efectos de sometelas a Información pública e audiencia dos interesados por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

O Pleno no seu caso resolverá todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo anterior e aprobará definitivamente a presente ordenanza. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, entrando en vigor tras a súa publicación no BOP de Lugo.”

A Comisión, previa deliberación, por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación inicial da Ordenanza de referencia polo Pleno Municipal.”

Antes de comezar o debate pónse de manifesto polo Sr.Alcalde que se debe corrixir que se refire tamén á area de mocidade que non estaba; tamén que donde pon actividades formativo-culturais debe eliminarse formativas e deixar culturais e unha terceira cuestión que é un erro de “cortar e pegar” xa que é unha ordenanza transversal e interviron moitos departamentos e hai un parágrafo que dí “as persoas beneficiarias de emerxencia social” e non é así senon que hai que poñer “as persoas beneficiarias das prestacións económicas...” e que se deben modificar constituíndo unha enmenda.

Intervén a continuación o concelleiro Sr.Gutierrez Fernández que manifesta que polos mesmos argumentos das ordenanzas anteriores e sen entrar en materia de competencia e demais vai absterse.

O concelleiro de UPRI Sr.Reymondez Gancedo, manifesta que o que dixo para as anteriores ordenanzas pode ser válido para esta e indica que se vai abster.

A concelleira do Grupo municipal popular Sra. González Loredo manifesta que están de acordo co fondo e que están en desacordo coa parte cenral da ordenanza porque cren que pagar o 90 % nalgúns casos non é o idel xa que con menos porcentaxe, 50, 60, etc. podería ir a mais familias. Está en desacordo cos límites económicos porque cre que non están axustados á realidade das familias neste momento.

Indica que están de acordo en axudar ás familias con poucos recursos a que acudan as actividades pero cren que hai falta de concreción en canto ás actividades que se subvencionan, e manifesta que o seu grupo vai votar en contra.

A concelleira Sra. Gonzalez Piñeirúa, delegada de asuntos sociais refírese a que se trata de axudar a persoas que ao mellor non poden pagar e que por iso non disfrutan desas actividades.

A Corporación, por sete votos a favor (dos membros do Grupo do BNG), catro en contra (dos membros do Grupo do PP) e dúas abstencións (dos membros do PSG-PSOE e UPRI, no Grupo Mixto), acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión transcrito anteriormente nos termos do mesmo.

2014.05.05.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). MOCIÓNS. DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. ROGOS E PREGUNTAS.

MOCIÓNS:

DO BNG SOBRE A LEI DO ABORTO.

Dase conta da Moción que se transcribe:

“O Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego (BNG) a través da súa voceira , Dona Mariluz Alvarez Lastra e ó amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete ó Pleno deste Concello para o seu debate e aprobación, se fose procedente, a seguinte

MOCIÓN SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a

privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fiquen fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.**

- 2. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.**
- 4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.**
- 5. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.**

Intervén a Concelleira Sra. Alvarez Lastra que fai unha ampla exposición do contido da Moción, desgranando os diferentes puntos da mesma.

Explica que dende o seu grupo pensan que a lei vai supór un retroceso, unha volta atrás que vai poñer en risco a vida de moitas mulleres.

Refírese á campaña que se vai poñer en marcha sobre este asunto e manifesta que considera que as mulleres teñen que ser donas do seu propio corpo e non deben ser os xuíces, xinecólogos, etc. o que lles leva a estar totalmente en contra deste proxecto de lei.

Por parte do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do Grupo do BNG no Grupo Mixto sinalase que logo da exposición feita pola Concelleira o seu Grupo tamén vai instar ao goberno para que retire a Moción e que na próxima Moción do seu Grupo explicará mais polo miúdo.

O Concelleiro Sr. Reymondez Gancedo, de UPRI, no Grupo Mixto manifesta que se trata dunha moción que desperta certo interese social, que non se sabe como vai ser este anteprojecto de lei e como portavoz dun partido político independente e local indica que se dedicou un pouco a escoitar ás mulleres.

Suliña que por encima da ideoloxía, escoitou ás mulleres, indica tamén que se deu unha exposición moi ampla e di que chegou á conclusión que non se lle pode quitar á muller o seu dereito a elixir o que vai facer e se teme que si isto segue adiante vai orixinar moitas carreiras a Portugal, Irlanda, etc.

Manifesta que o seu Grupo non vai expoñer mais nada e que o seu Grupo vai votar a favor da Moción.

O Sr. Concelleiro D. Manuel Valín Valdés, do Grupo Municipal Popular expresa que o seu Grupo decidiu dar liberdade de voto.

Manifesta que a lei é manifestamente mellorable como tamén era a anterior. Dí que hai que ter un respecto profundo pola liberdade na decisión da muller. Entende que aínda se está ao principio do trámite e manifesta a súa abstención.

Refírese as manifestacións do Sr. Ministro sobre a posibilidade de ter un fillo con malformación e indica que respeta a súa opinión pero non a comparte do mesmo xeito que tampouco está de acordo en que os pais non saiban sobre o aborto dunha filla.

Interven de seguido o Concelleiro Sr. Yañez Dablanca, do Grupo Popular, manifesta que para tomar unha decisión é necesario pasar polo tamiz da conciencia. Manifesta que a lei anterior pasou por dúas lexislaturas sen que se fixese ningunha modificación.

Manifesta igualmente que a decisión corresponde a nai que é quen está en disposición de facelo e dí que entrar noutro tipo de cuestións non conduce a nada aquí. O seu voto vai ser a favor.

A continuación toma a palabra a Concelleira do Grupo Popular Sra. González Loredó que da as grazas á Alcaldía por permitir ao seu Grupo expresarse de xeito individual e manifesta dúas cuestións puntuais sobre as dúas Mocions, ésta que se está tratando e tamén a do PSG-PSOE.

Indica que na exposición de motivos da do BNG primeiro se queixan da Lei e logo piden que se manteña, cousa que lle parece un pouco incoherente.

Está de acordo no punto en que dín que se van poñer en marcha campañas de información e refírese tamén ao último punto no que se indica que se transmitan mensaxes contra a modificación da lei, indicando que para a expoñente non é obxectivo.

Refírese tamén á Moción seguinte do PSG-PSOE indicando que pide retirar a lei e referíndose ao voto persoal e non político manifesta que debe cambiarse a lei nalgúns aspectos nos que manifesta non estar de acordo.

Indica que espera, confía e desexa que ao se tratar dun anteproxecto de lei que está en trámite que o propio partido modifique. Manifesta a súa abstención, en conciencia, e dí que non apoia o proxecto de lei tal como está pero tampouco apoia estas Mocions.

Intervén a continuación a Concelleira Sra. Lopez-Braña Freije, do Grupo Popular que manifesta que é o número catro dos Concelleiros do Partido Popular, indicando que podería falar como muller ou como nai pero que non é o caso senon que o vai facer como concelleira xa que non se fala de conciencia senon que se está a falar de normas e de leis, que nacen para cumprirse e para levalas a cabo.

Manifesta a súa oposición as dúas Mocións que lle parece que son electorais e que lle parece que se entra xa no momento en que todo vai ser válido con tal de desgastar ao goberno da Xunta e ao goberno da Nación.

Refire que se está a falar dun anteproxecto de Lei, que confía na capacidade de conciliación por parte dos dirixentes do Partido Popular.

Indica tamén que o Grupo Popular no seu día presentou un recurso á Lei de 2010 e que con esa coherencia política agora se trae esta Lei.

Manifesta que é mellorable pero que non se pode debatir sobre o anteproxecto e reitera que as dúas Mocións que se traen a este Pleno son políticas, mocións electorais e suliña que se volve á lei de 1985, á lei de supostos e non de prazos.

OSr.Valín Valdés pide conste en acta que é o número 1 do Partido Popular.

A concelleira Sra.Alvarez Lastra, por alusións, intervén e reitera que esta lei vulnera dereitos fundamentais, que isto é un Pleno e que se trae ao mesmo para tratar sobre ela e porque a muller queda sen capacidade para decidir, e dende o máximo respecto se debe intentar mellorar para que non se produza un retroceso e por iso debe mobilizarse á sociedade.

A Corporación, por dez votos a favor (sete dos membros do Grupo do BNG, 1 do concelleiro Sr.Yañez Dablanca do Grupo municipal Popular, outro do concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto Sr.Gutiérrez Fernández e outro do concelleiro Sr.Reymóndez Gancedo de UPRI tamén no Grupo Mixto), un en contra da concelleira do Grupo Municipal Popular Sra.López-Braña Freije e 2 abstencións dos concelleiros Sr. Valín Valdés e Sra.González Loredó do Grupo Municipal Popular, acorda prestar aprobación á Moción transcrita anteriormente.

DO PSG-PSOE SOBRE A LEI DO ABORTO.-

Dase conta da Moción que se transcribe:

“A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non so recoñecer as mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o trabado en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar as mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso as correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprimíase o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo no primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado so nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprimíase tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tina xustifico a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado. Esta norma non so suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguirá reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesional e feministas, e ademais motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde so cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Por estas razóns, o Concello de RIBADEO aproba o seguinte acordo:

"O Concello de RIBADEO insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo."

Aprobada esta moción darase traslado da mesma os grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados."

Intervén o concelleiro representante do PSG-PSOE Sr.Gutiérrez Fernández, manifesta que se trata de pedirlle ao goberno que retire o anteproxecto de lei e indica que claro que é unha Moción tipo pero non trae todas as que recibe, aínda que ésta si porque hai unha inxenuidade social e unha sensibilidade moi grande ao se tratar dun tema importante.

Non se fai mención á comparativa con Europa sobre esta cuestión e incide en diversas lexislacións doutros países así como á lexislación anterior suliñando que non houbo ningunha pena de cárcere, e reitera que debe pedirselle ao goberno que a retire.

Debátese brevemente polo resto de representantes dos diferentes Grupos municipais incidindo no sinalando no punto anterior ao tratar a Moción do BNG e rematada a deliberación, a Corporación, por dez votos a favor (sete dos membros do Grupo do BNG, 1 do concelleiro Sr.Yañez Dablanca do Grupo municipal Popular, outro do concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto Sr.Gutiérrez Fernández e outro do concelleiro Sr.Reymóndez Gancedo de UPRI tamén no Grupo Mixto), un en contra da concelleira do Grupo Municipal Popular Sra.López-Braña Freije e 2 abstencións dos concelleiros Sr. Valín Valdés e Sra.González Loredó do Grupo Municipal Popular, acorda prestar aprobación á Moción transcrita anteriormente.

RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA.-

O Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, manifesta que non vai preguntar por ningún Decreto.

O Sr.Reymondez Gancedo, de UPRI, pregunta polo decreto nº 314, pax. 2 sobre un pago da Praza de Abastos, detergente que lle gustaría saber a que se dedica, respostándose que non saberían dicir, trátase dun deterxente encimático, 30 litros explicándose polo concelleiro as razóns técnicas de ser encimático.

Pregunta por outro decreto nº 316 pax. 1, 3451 e 3447, relativo a dúas asistencias técnicas a concertos, explicándose pola Concelleira delegada de cultura que se trata de equipos de son, iluminación, etc. para os concertos; tamén pregunta polo decreto 320 sobre unhas gafas que valen 49 euros e que parece se lle pagaraon a unha persoa que polo nome e apelidos debe ser ruso e pregunta se está empadroado en Ribadeo. O Sr.Alcalde dí que se informará porque non sabe agora exactamente.

O mesmo concelleiro pregunta por outra resolución de seguimento da ISO e auditoria de medio ambiente; explicando o Concelleiro de Medio Ambiente Sr. Cupeiro Rodríguez

de qué se trata e a preguntas sobre se é necesario o Concelleiro delegado manifesta que ao seu xuízo sí e necesario pero que non cre que sexa o lugar para poñerse a explicar este asunto agora, deliberándose sobre estes extremos.

Formula outra consulta sobre reparos de Intervención nas nóminas que se pagan aos funcionarios e pregunta de qué se trata.

O Sr.Alcalde indica que ten á súa disposición os informes de Intervención para coñecer exactamente de que tratan os mesmos, indicando que son reparos dende hai meses que algunhos se foron corrixindo e que hai outros que non se poden corrixir e que veñen de fai moito tempo, algunhos de persoal contratado dende o ano 1997, que habería que despedir e indemnizar, etc. e reiterando que pode examinar o informe sobre todos estes extremos.

Manifesta o Sr.Alcalde que todos eses reparos teñen a súa explicacion tamén para poder ser levantados.

Pregunta tamén polo reparo relativo a unhos pagos a E.on, etc. e pregunta a qué se deben, significándose polo Sr.Alcalde que se trata de que legalmente estes subministros deben licitarse como contrato de servizos. Indica que a Deputación ía licitar para todos os Concellos e se fixo pero quedou deserto e por iso aínda está así. Coa telefonía pasa o mesmo e seguese, de momento con telefónica e aclara que se trata de todos estes temas e que se intentan ir normalizar todas aquelas cuestións mais sangrantes para cumprir estritamente coa lexislación de contratos no tocante a estes subministros.

Formula unha nova consulta sobre unha póliza de crédito que se solicitou a diferentes entidades e pregunta se o Concello segue a traballar con NCG respostando o Sr.Alcalde que se segue a traballar e que foi a mellor oferta das que se presentaron.

Interven a continuación o Sr.Valín Valdés, do Grupo municipal Popular, que pregunta polo decreto 314 relativo a un gasto de 1400 euros sobre a prehistoria de Ribadeo, respostando a Concelleira delegada.

No 317 aparecen 3 decretos sobre proxecto baixa tensión e contra incendios do edificio para a Terceira idade, indicando o Sr.Alcalde que se trata de proxectos anexos ao proxecto técnico que tiñan que ser realizados por especialistas.

ROGOS E PREGUNTAS.-

Rogos e preguntas do PSG-PSOE.-

Intervén o Sr.Gutiérrez Fernández que manifesta que so ten un rogo que se refire á obra que se está realizando no Hotel ferrocarrilana se cubriu de tella. A casa presentou o proxecto indicando que ía así, con tella, e o informe de Patrimonio non dí nada. Autoriza a obra a pesar de ir así e que en todos os informes que afectan a cubertas indica expresamente que se utilizará lousa do país irregular. Ademais non sabe se o informa primeiro o técnico municipal pero de todas maneiras Patrimonio foi advertido, segundo

indicada o arquitecto municipal, e non fixo nada argumentando que o tellado antes xa era de tella.

Indica que o argumento non é válido e que se as autorizacións van ser en función de como eran os tellados antes pois haberá tellados con fibrocemento que hai un montón e outro tipo de obras, e que entende que é unha decisión arbitraria que ademais conculca o que dispón o Plan vixente de Ordenación municipal xa que éste manifesta que será obrigatorio pizarra ou lousa do país nas cubertas.

Indica que se a opinión dos técnicos e xurídicos indica que se pode comunicar á APLU pois que se comunique e senón cre que debería comunicarse á Fiscalía e así o pide, que se comunique á Fiscalía.

O Sr. Alcalde manifesta que está de acordo co que se dí e que efectivamente o argumento foi ese; que a Torre dos Moreno tamén está con tella e o cine Colón e dí que iso sí que a xente non o entende e xenera arbitrariedade.

Estima o rogo e manifesta que debe pedirse informe efectivamente á APLU.

O Secretario municipal informa que este organismo so trata daquelas situacións en solo rústico pero que se lle pode requirir informe, en todo caso.

Rogos e Preguntas de UPRI.-

Intervén o concelleiro Sr. Reymóndez Gancedo e manifesta que recibiu queixas dos veciños de Justo Barreiro, do famosobacha que xa falou moitas veces, que sigue igual e despois no que son as rúas laterais se queixan de que a herba logo chega a segundo piso.

Resposta o Concelleiro de medio ambiente Sr. Cupeiro Rodríguez sobre os traballos que se fan na zona.

Respecto ao bache o Sr. Alcalde informa do que se fixo sobre o tema non so nese senon noutros e nese caso concreto vaise executar nestes días.

Refírese o mesmo concelleiro a unha serie de vehículos aparcados na vía pública, sabe dun que está precintado na vía pública, que se supón que non ten seguro e pregunta quen ten a responsabilidade sobre o mesmo e se o Concello pode facer un estudo dos vehículos para saber en que condicións están.

Resposta o Sr. Alcalde dos expedientes que se teñen feito e que é certo que últimamente non pasaron ningún pero que se vai mirar.

O concelleiro sr. Reymondez Gancedo pregunta a continuación pola instalación dunhos pasos de peons na rotunda de "Lidl" significando que é un perigo e que calquera día pode haber un accidente.

O Sr. alcalde e concelleiro Sr. Castro Reigosa sinalan a perigosidade na zona, dín que é complicada a solución pero que se está mirando algunha posible actuación.

Pregunta por outro famoso bache que xa falou en varias ocasións, informándose pola Alcaldía-Presidencia.

Rogos e Preguntas do Grupo Popular.-

A concelleira Sra. López-Braña Freije sinala que non lle chegou a orde do día coa convocatoria significándose por Secretaría que pode deberse a algún problema cos correos electrónicos e que se revisará plos posibles fallos que existan.

Amesma concelleira pregunta polos orzamentos para 2014, respostando o concelleiro de Facenda Sr.Castro Reigosa que se está á espera de coñecer datos para poder pechar o mesmo e traelo a Pleno.

Refírese a mesma concelleira a un Pleno de antes do verán que tiña solicitado que se publicara na web do concello as axudas de custo dos concelleiros e pregunta como está ese tema.

Intervén para facer un rogo o concelleiro sr. Yañez Dablanca para recordar os pasos de peons nos laterais da zona do Instituto que é unha zona oscurecida e que é imposible ver aos peons.

Formula un novo rogo referido á estrada que vai dende os Garitos á de Sta.Cruz paralela á vía do tren, que hai unha atallea profunda, que debería buscarse unha solución, aceptándose pola Alcaldía o rogo indicando que se revisará ese asunto.

O Sr.Valín Valdés, do Grupo Popular, interven para facer un rogo indicando que xa foi denunciado nos medios de comunicación polo partido popular referente ao parque do mineral que se tome nota do estado en que se atopa e outro relative ao ascensor panorámico que está indecente.

Formula tamén unha pregunta referente a un árbol que foi secado de forma premeditada na rúa de San Roque se non haberá maneira de restituílo aínda que probablemente o volvan secar. O concelleiro de Medio Ambiente Sr.Cupeiro Rodríguez resposta manifestando que pensa igual que o concelleiro que formula a pregunta pero que tamén cre que eses árbores non son adecuados para esa zona xa que levantan a beirarrúa e a rúa e cando se rehabilite a beirarrúa haberá que adoptar unha solución coas árbores que procedan.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintetrés horas, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,